

## Axudas municipais de emerxencia en Vigo

Expediente: G.6.Q/2108/20

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2020

Estimada Sra.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente a axudas municipais de emerxencia.

### ANTECEDENTES

No escrito indícanos: ... *Estoy aquí en calidad de denunciante de una situación extrema de falta de empatía por parte del alcalde de Vigo y bienestar social. Yo estoy indignada, he pedido ayuda para alimentos y después de 3 semanas llamando a 010 y bienestar me hicieron caso y digamos que si me lo concedió tal ayuda, la asistente pidió más documentos a los cuales ella dijo que estaba todo perfecto y que entre viernes pasado que fue día 17 y lunes 20 que ya recibiría tal ayuda, sería depositada inmediatamente en mi cuenta. Dado que ayer llamé la asistente para saber qué había pasado porque ese dinero no me fue entregado ella dijo que toca esperar porque las cosas han cambiado de viernes para acá y que me toca esperar de nuevo. Dadas las circunstancias de que no tengo a quien recurrir porque no tengo ayudas ni yo ni mi hijo. Necesito que ustedes intercedan por nosotros, porque ya se me acabó los medios para conseguir alimentos y menos estando en confinamiento.*

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información ao Concello de Vigo, que xa nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

*En resposta ó oficio desa Institución de data 22.04.2020... no que se solicita información sobre o problema que motivou a queixa presentada por [REDACTED], infórmase o seguinte:*

1) *Consultadas as bases de datos municipais consta que, con posterioridade á queixa presentada perante esa institución pola interesada e unha vez que presentou o 17.04.2020 toda a documentación necesaria requirida (movementos de contas bancarias), a Concelleira delegada de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ditou Resolución con data 23.04.2020, por proposta da Comisión técnica de valoración do 21.04.2020..., concedéndolle unha axuda social de carácter económico e con carácter extraordinario con cargo á convocatoria anual do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL» (AEM).*

2) O desglose desta axuda, concedida tendo en conta a situación excepcional derivada da grave crise provocada polo COVID-19, refíctese na seguinte táboa, con indicación de conceptos e cantidades:

CONCEPTO	ESTADO	MES GASTO	IMPORTE
AUGA	Concedida Pendiente de justificar	Decembro 2019	40,03 €
AUGA	Concedida Pendiente de justificar	Outubro 2019	40,90 €
AUGA	Concedida Pendiente de justificar	Agosto 2019	40,03 €
ALUGUER	Denegada	Abril 2020	
LUZ	Concedida Pendiente de justificar	Febreiro 2019	84,51 €
LUZ	Concedida Pendiente de justificar	Xaneiro 2019	124,21 €
LUZ	Concedida Pendiente de justificar	Novembro 2018	56,00 €
LUZ	Concedida Pendiente de justificar	Setembro 2018	144,97 €
LUZ	Concedida Pendiente de justificar	Xaneiro 2020	70,80 €
LUZ	Concedida Pendiente de justificar	Decembro 2019	67,00 €
LUZ	Concedida Pendiente de justificar	Novembro 2019	50,59 €
LUZ	Concedida Pendiente de justificar	Mai 2019	144,73 €
ALIMENTACION	Concedida Pendiente de justificar	Abril 2020	200,00 €
ALIMENTACION	Concedida Pendiente de justificar	Mai 2020	290,00 €

3) O total das axudas concedidas desta vez ██████████ para alimentos e subministros do fogar ascendeu, pois, á cantidade de 1.353,77 €. Non se valorou a concesión de axuda para gastos de aluguer por incumprir unha das condicións esenciais que se establecen nas Bases do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL», que esixe para o seu outorgamento a garantía na continuidade do uso da vivenda (Base sétima).

4) A totalidade do importe desas axudas foi xa aboado e percibido pola interesada antes de que rematase o mes de abril...

#### ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e do que se manifesta no informe, cómpre facer as seguintes consideracións:

O concello confirma que a axuda solicitada por vostede foi obxecto dun requirimento de documentación preceptiva. Unha vez cumprimentado ao pouco tempo resolveu

positivamente, isto é, outorgando as axudas solicitadas, polos importes que se mencionan, xa abonados, segundo indica o informe.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(asinado dixitalmente)